



CONCELLO DE BARBADÁS

Ordenanza reguladora da convocatoria para a concesión de subvencións a asociacións veciñais inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do concello de Barbadás para o ano 2017.

1.- Obxecto da convocatoria.

O obxecto das presentes bases é a regulación da tramitación e concesión, por parte do concello de Barbadás mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrencia competitiva, de subvencións a asociacións de veciños que desenvolvan a súa actividade dentro do termo municipal de Barbadás, para a prestación de servizos ou a realización de actividades que complementen ou suplan os atribuídos á competencia municipal e que, en xeral, contribúan ó fomento dos intereses peculiares do municipio.

As accións financiadas coa subvención que se perciba ao abeiro desta convocatoria deberán executarse con estrito sometemento á normativa vixente que sexa de aplicación, tanto dende o punto de vista fiscal como laboral, e outros de semellante natureza.

2. Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios todas as Asociacións Veciñais con domicilio social no Concello de Barbadás e que realicen actividades de interese municipal e que se atopen debidamente inscritas como Asociación Veciñal no Rexistro Municipal de Entidades e que cumpran as seguintes condicións:

- a) Carecer de fins de lucro.
- b) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Barbadás.
- c) Non estar incursas en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

Quedan excluídas desta convocatoria aquelas actividades ou programas que veñan regulados noutras convocatorias do Concello de Barbadás ou que perciban por parte do Concello calquera outra subvención, sexa esta de tipo ordinario ou extraordinario e aquelas que non cumpran algún requisito das presentes bases.

3.- Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación

3.1.-As solicitudes segundo o modelo de instancia normalizado (anexo I), subscribas polo representante legal da entidade interesada, irán dirixidas ao Concello de Barbadás (Concellaría de P. Veciñal) segundo establece o art. 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do





CONCELLO DE BARBADÁS

Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. E mediante a súa presentación no rexistro xeral do Concello ou a través de calquera outro medio dos previsto no artigo 16 da mesma lei.

3.2.-O prazo improrrogable de presentación será de 30 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta ordenanza no Boletín Oficial da Provincia trala súa aprobación definitiva.

3.3.- As solicitudes deberán formularse achegando a seguinte documentación:

3.3.1. Documentación administrativa:

a. Instancia dirixida ao Concello de Barbadás (concellaría de Participación Veciñal) no modelo oficial, recollido no anexo I destas bases.

b. Fotocopia do CIF da entidade e do DNI da persoa física que a representa. No caso de agrupacións sen personalidade xurídica, xunto coa solicitude da subvención deberán presentar a acta constitutiva da agrupación, subscrita por todos os seus integrantes, onde se nomee e autorice ó representante para cumprimentar os trámites da subvención, percibir as cantidades concedidas e xustificar as mesmas. Ademais, deberán constar os compromisos de execución asumidos por cada un dos membros, e copias compulsadas do DNI de cada un deles. A documentación sinalada neste apartado non será necesaria si a entidade solicitante recibiu subvención do Concello de Barbadás polo mesmo concepto no ano 2016, e sempre que a persoa física que a representa sexa a mesma.

c. Certificación de conta bancaria da entidade expedida polo banco ou caixa correspondente.

d. Declaración responsable segundo o modelo recollido como anexo II destas bases, comprensiva do feito de non atoparse incurso a entidade solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de atoparse ao día nas súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria do Estado e Consellería de Facenda da Xunta) e de Seguridade Social.

e. Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentas, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo recollido no anexo III.

3.3.2.- Documentación obrigatoria para a valoración das solicitudes:

a. Memoria explicativa detallada para cada actividade para a que se solicita a subvención, conforme co modelo recollido no anexo IV





CONCELLO DE BARBADÁS

- b. Orzamento de ingresos e gastos previstos para a realización das actividades, conforme co modelo recollido no anexo V (un por cada actividade)
- c. Memoria na que se indique se dispoñen de local ou instalación en propiedade (neste caso han de acreditarlo – copia recibo IBI ou certificación catastral), ou desenvolven as súas actividades en bens municipais.
- d.- Fotocopia da Acta Fundacional da Asociación (non será necesaria no caso de entidades que recibirán subvención do Concello de Barbadás na convocatoria do ano 2016 polo mesmo concepto).
- e.- Certificación bancaria da situación económica actual ou memoria de ingresos e gastos do último ano.
- f.- Acta da última asemblea xeral ordinaria realizada.

4.- Gastos subvencionables

Serán actividades obxecto de subvención ó abeiro das presentes bases aquelas que levadas a cabo no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 1 de decembro do ano en curso. Excepcionalmente poderanse subvencionar actividades realizadas no mes de decembro para o que se faculta á concellaría de Participación Cidadá para a súa autorización.

En ningún caso se admitirán como xustificantes de gastos as cantidades satisfeitas ao Concello en concepto de tributos municipais nin facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo da actividade subvencionada.

Serán subvencionables os gastos en material inventariable, necesario/imprescindible para a realización das actividades, sempre que non superen o 20% do orzamento total presentado.

5.- Procedemento de concesión.

A instrución e ordenación do procedemento de concesión das axudas obxectos destas bases correspóndelle á concellaría de Participación Veciñal.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, comezarse a instrución do expediente coa comprobación da corrección da documentación achegada. Examinada a documentación, a concellaría de Participación Cidadá concederá, se é o caso, un prazo de ata dez días hábiles para a emenda das deficiencias materiais detectadas. Transcorrido este prazo, se é o caso, procederase de conformidade coas seguintes regras:





CONCELLO DE BARBADÁS

a. Con respecto ás entidades que non achegasen de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.

b. Con respecto ao resto de entidades, proporase a súa admisión a trámite, pasando á comisión de valoración para que formule proposta de valoración das solicitudes conforme aos criterios recollidos nestas bases.

6.- Comisión de Valoración.

A Comisión de Valoración de subvencións procederá á proposta de concesión de subvencións, segundo os criterios previstos nas presentes bases. A proposta deberá conter a relación de solicitantes para os que se propón a subvención, a súa contía e os criterios de valoración que dean lugar á proposta.

A comisión de valoración de subvencións terá a seguinte composición:

-Presidente: O concelleiro de Participación Cidadá ou persona na que delegue.

-Vogais: Dous/dúas traballadores/as municipais, con experiencia en participación veciñal e tramitación de subvencións.

O Vicepresidente do Consello Municipal de Participación Veciñal ou persona na que delegue.

-Secretario: a secretaria do concello (con voz e sen voto), ou persoa na que delegue.

A Comisión de Valoración poderá solicitar a axuda que estime oportuna para a valoración das peticións de subvencións.

7.- Criterios de valoración para a concesión das subvencións

Os criterios de valoración para a concesión de subvencións, así como para fixación da súa contía, serán os seguintes :

- A orixinalidade do programa ou actividades que desenvolva, o interese xeral e a a súa incidencia no ámbito municipal (ata 4 puntos)

- Programas ou actividades organizadas de xeito exclusivo por esa AVV: 2 puntos.

- Proxectos realizados por vez primeira no concello: 1 punto.

- Incidencia en varios núcleos de poboación: 1 punto.

- Grao de interese ou utilidade dos fins perseguidos (ata 1 punto)

- abertas ao público: 1 punto.

- prazas limitadas: 0.75 puntos.

- restrinxidas a soci@s ou similar: 0.50 puntos.





CONCELLO DE BARBADÁS

- Número estimado de persoas que participan e se benefician da actividade (ata 4 puntos)
 - Ata 25 participantes: 1 punto.
 - De 26 a 50 participantes: 2 punto.
 - De 51 a 100 participantes: 3 puntos.
 - De máis de 100 participantes: 4 puntos.
- Repercusión territorial (ata 1 punto)
 - ámbito de parroquia: 0.25 puntos
 - ámbito municipal: 0.75 puntos
- Potenciación do idioma e da cultura galega (0.50 puntos)
- Potenciación da participación en actividades da xuventude na vida social (1.50 puntos)
- Promoción da igualdade entre homes e mulleres (0.50 puntos)
- Potenciación de actividades que se desenvolvan nas parroquias do rural de Barbadás (1 punto)
 - Se a actividade vai dirixida a poboación infantil (0.50 puntos)
 - A valoración da duración da actividade (ata 2 puntos)
 - Unha semana ou en 3 xornadas non consecutivas (0.50 puntos)
 - Entre unha semana e un mes (0.75 puntos)
 - Entre un e tres meses (1 punto)
 - Mais de tres meses (2 punto)

Todas as actividades deberán ser publicitadas no idioma galego.

8.- Contía máxima da subvención

Na liña de subvencións para a promoción de actividades, ningunha entidade poderá percibir ao abeiro desta convocatoria unha contía superior aos 3.000 €.

O gasto derivado das subvencións outorgadas por actuacións recollidas neste apartado imputarase á aplicación 337.480.01 do orzamento xeral do Concello de Barbadás, reservándose para tal fin o correspondente crédito orzamentario, por un importe globalmente considerado de 27.000 €

Que se asigna un valor económico de 187.50 € por cada punto que se obteña nos criterios de valoración do artigo anterior.

En cada actividade proposta no anexo IV, a cantidade económica que se poderá obter nunca superará os 600 €.





CONCELLO DE BARBADÁS

9.- Resolución

A proposta da comisión de valoración elevaráselle ao alcalde do concello, que adoptará o acordo de resolución no prazo máximo de tres meses dende o remate o prazo de corrección de deficiencias documentais, se é o caso, ou dende o remate do prazo de presentación de instancias. A falta de resolución expresa neste prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución seralle notificada a todos os solicitantes.

A subvención entenderase aceptada polo solicitante se dentro do prazo dos 10 días seguintes á recepción da notificación da concesión non manifesta nada en contra.

A concesión das subvencións a que se refire a presente ordenanza non implicará relación contractual ningunha de carácter civil, laboral, administrativo ou de calquera outro tipo entre o concello e a persoa ou entidade beneficiaria da subvención.

10.- Obrigas dos beneficiarios.

Os beneficiarios das subvencións terán que aterse ás seguintes obrigas:

1. Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da axuda de acordo coa memoria presentada. A subvención deberá ser destinada exclusivamente ós fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo concello.

2. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando deste xeito, canta información lles sexa requirida.

3. O beneficiario da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para darlle unha axeitada publicidade ao carácter público do financiamento da súa actividade, debendo realizar como mínimo as seguintes medidas de difusión:

- Inclusión da imaxe institucional do Concello de Barbadás ou da concellería de Participación Veciñal ou dunha lenda alusiva ao feito de que a actividade está subvencionada polo Concello, nos carteis e materiais impresos da súa actividade ou, de ser o caso, na páxina web da entidade.

- Comunicarlle ao Concello a realización de cada un dos eventos ou actividades subvencionadas cunha antelación mínima de 15 días naturais.

4. Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións de calquera entidade pública ou privada.





CONCELLO DE BARBADÁS

5. Xustificar o gasto realizado antes do 15 de decembro do ano en curso dacordo co previsto nas presentes Bases, ou para aquelas actividades realizadas no mes de decembro, e excepcionalmente autorizadas, o 15 de xaneiro do ano próximo.

6. Facilitar tanta información sexa requirida polo Concello, polo Tribunal de Contas ou a Intervención municipal.

11.- Xustificación

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria deberán estar xustificadas antes do 15 de decembro do ano en curso. De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido ou non desistir de forma motivada e por escrito dentro do mesmo prazo, entenderase que renuncia á subvención concedida. Este prazo, así como o de presentación de solicitudes entenderanse sen prexuízo do prazo de dez días que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación.

A documentación xustificativa será a seguinte:

a) Instancia subscripta polo representante legal da entidade beneficiaria da subvención na que solicite o seu pagamento (Anexo VI)

b) Conta xustificativa, segundo establece o artigo 75.2 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, integrada polos seguintes documentos:

- Memoria detallada das actividades realizadas, financiadas coa subvención e o seu custo (nº actividades, días, usuarios, localización, programa..) (Anexo VII, deberán presentar un anexo por cada actividade)

- Detalle doutros ingresos ou subvencións que financiarán a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. (anexo VIII, deberán presentar un anexo por cada actividade)

- Orixinais das facturas xustificativas dos gastos (que han de reunir os requisitos do artigo 4 do Real Decreto 1496/2003) ou demais documentos de valor probatorio equivalentes, con validez no tráfico xurídico mercantil ou laboral e contar co selo de pagado ou presentar xustificación documental que acredite o pagamento.

- Certificado ou declaración emitidos por Facenda Tributaria Estatal, autonómica e Seguridade social de que o beneficiario está ó corrente das súas obrigas tributarias. A conta xustificativa presentarase conformada polo presidente da entidade.





CONCELLO DE BARBADÁS

c) Acreditación das medidas de difusión adoptadas. Incluirase unha copia dos documentos gráficos ou outros medios nos que conste que a actividade foi subvencionada polo Concello de Barbadás.

12.- Pagamento

O pagamento realizarase unha vez xustificada de modo completo a subvención concedida mediante transferencia á conta correspondente sinalada pola entidade beneficiaria. A falta de acreditación de gastos, así como as deficiencias non susceptibles de emenda que se observen na conta xustificativa que presente o beneficiario, dará lugar ao rateo automático da cantidade subvencionada.

No suposto de que a suma da subvención municipal máis os ingresos por outros conceptos (subvencións, achegas dos participantes, etc) supere o 100% do custo da actividade, a subvención será reducida ata chegar ó 100% do custo.

13.- Reintegro de subvencións

No caso de incumprimento da entidade por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, procederase á tramitación dun expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda do dereito á subvención poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose o acordo co principio de proporcionalidade.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

14.- Infraccións e sancións

En materia de infraccións e sancións ateranse ao disposto no título IV da Lei 38/2003, xeral de subvencións, así como no Real decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2008 xeral de subvencións.

Disposición Adicional

Para o non previsto nestas bases será de aplicación o disposto nas Leis e nos Reais Decretos e demais disposicións de rango superior que fagan referencia á concesión de subvencións no ámbito estatal e da Comunidade Autónoma.

Disposición Final

Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.





CONCELLO DE BARBADÁS

ANEXO I

(Solicitud)

Apelidos e nome:	DNI	Teléfono
Entidade a que representa	CIF	
Enderezo	Concello-Provincia	
Correo Electrónico		

Que a entidade á que represento cumpre os requisitos esixidos na convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a asociacións veciñais do Concello de Barbadás para o ano 2016.

Asumo todos os compromisos reflectidos na devandita convocatoria e achego a seguinte documentación esixida nesta:

- Solicitud (anexo I)
- Fotocopia do CIF da entidade e do DNI da persoa física que a representa
- Certificación de titularidade de conta bancaria
- Declaración responsable (anexo II)
- Declaración axudas (anexo III)
- Memoria de actividades (anexo IV). Deberán presentar un anexo por cada actividade.
- Orzamento de ingresos e gastos (anexo V) Deberán presentar un anexo por cada actividade.





EXPOÑO:

CONCELLO DE BARBADÁS

SOLICITO:

Unha subvención por importe de _____ euros para a realización das actividades que se indican no anexo correspondente.

Barbadás, de de 20....

(Sinatura)

AO SR ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE BARBADÁS.





CONCELLO DE BARBADÁS

ANEXO II

(declaración responsable)

D/D^a.....

con CIF:

que actúo en nome e representación e en calidade de

.....

da entidade

.....

.....

DECLARO:

Non atoparme incurso/a en causa constitutiva de prohibición de obtención de subvencións concedidas polo Concello de Barbadás.

Estar ó corrente nas obrigas tributarias coa Facenda Estatal e Autonómica.

Estar ó corrente nas obrigas coa Seguridade Social.

E para que conste, para os efectos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, asino esta declaración.

Barbadás, de de 20.....

(Sinatura)

AO SR ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE BARBADÁS





CONCELLO DE BARBADÁS

ANEXO III

(declaración axudas)

D./D.^a

. con NIF

en nome e representación da entidade

.....

en calidade de declara que presentou a/s

solicitude/s e

Organismo ou entidade ao que solicita	Data solicitude	Concesión(1)	Contía

que lle foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s:

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicaranse pendente na columna. No caso de solicitudes denegadas, farase constar denegada.





CONCELLO DE BARBADÁS

Non ter solicitado nin, en consecuencia, ter concedida ningunhas axudas para o mesmo fin, sexan públicas ou privadas.

Barbadás, de de 20....

(Sinatura)

AO SR ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE BARBADÁS





CONCELLO DE BARBADÁS

Repercusión territorial

Potenciación do idioma/cultura galego

Observacións:

Barbadás, de de 20.....

(Sinatura)

AO SR ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE BARBADÁS





CONCELLO DE BARBADÁS

ANEXO V (orzamento)

ORZAMENTO XERAL DA ACTIVIDADE

Orzamento de ingresos		Orzamento de gastos	
	Euros		Euros
Ingresos da entidade por cotas		Gastos de persoal	
Ingresos ordinarios		Gastos de servizos	
Ingresos subvencións		Imprevistos	
Outros ingresos		Outros gastos	
Total ingresos		Total gastos	





CONCELLO DE BARBADÁS

Barbadás, de de 20...

(Sinatura)

AO SR ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE BARBADÁS





CONCELLO DE BARBADÁS

ANEXO VI

(Oficio xustificación)

Apelidos e nome:	DNI	Teléfono
Entidade a que representa		CIF
Enderezo		Concello-Provincia
Correo Electrónico		

EXPOÑO:

Que a entidade á que represento cumpriu a finalidade da subvención outorgada polo Concello de Barbadás de concedida para..... tal e como se reflicte na documentación xustificativa que se achega:

- Solicitud (anexo VI)
- Memoria detallada das actividades (Anexo VII). Deberán presentar un anexo por cada actividade
- Liquidación de ingresos e gastos da actividade subvencionada (Anexo VIII) Deberán presentar un anexo por cada actividade
- Orixinais ou copias cotexadas de facturas con acreditación de ter realizado o pagamento.
- Carteis ou trípticos de promoción das actividades onde figure o concello como entidade patrocinadora
- Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias Facenda estatal, autonómica e Seguridade social.

SOLICITO:

O pago da axuda económica

Barbadás, de de 20..

(Sinatura)

AO SR ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE BARBADÁS





CONCELLO DE BARBADÁS

ANEXO VII (memoria xustificativa)

Apelidos e nome:	DNI	Teléfono
Entidade a que representa	CIF	
Enderezo	Concello-Provincia	
Correo Electrónico		

Actividade realizada:	
Datas nas que se realizou:	
Horario e lugar de realización:	
Resumo da actividade:	
Obxectivos acadados:	





CONCELLO DE BARBADÁS

Barbadás, de de 20...

(Sinatura)

AO SR ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE BARBADÁS





CONCELLO DE BARBADÁS

ANEXO VIII

(liquidación da actividade proxectada)

Liquidación de ingresos		Liquidación de gastos	
	Euros		Euros
Ingresos da entidade por cotas		Gastos de persoal	
Ingresos ordinarios		Gastos de servizos	
Ingresos subvencións		Imprevistos	
Outros ingresos		Outros gastos	
Total ingresos		Total gastos	

Barbadás, de de 20...

(Sinatura)

AO SR ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE BARBADAS

